Nº 52
04/07/2018

Deputación DA CORUÑA

Boletín de Medio Ambiente

Acantilados de Herbeira

Concello: Cariño

Características: dividen o mar Cantábrico e o océano Atlántico, son os máis altos e abruptos de Europa con máis de 600 metros de altura e unha caída vertical cunha pendente de máis do 80%. Forman parte do LIC de Ortegal.

Curiosidades: desde o punto máis alto pódense contemplar unas marabillosas vistas, vese o mar, pero desde tan alto e lonxe que nin se pode ouvir.

Noticias

Declaran área protexida ao corredor de cetáceos do Mediterráneo

O Goberno aproba un decreto para protexer 46.000 km² entre o cabo de Creus en Xirona e o da Nave en Alacante e declaralo zona de especial importancia.

A protección desta zona supón que España chegue ao 13% de áreas marítimas protexidas cumprindo a esixencia de alcanzar o 10% para 2020 indicado na Convención da ONU sobre Biodiversidade.

Por este corredor, discorren especies como o cachalote, o rorcual, o calderón ou os golfiños mular e común, catalogadas como vulnerables, xa sexa para migrar a zonas de cría ou como hábitat de alimentación.

Fonte: El Diario

Mala calidade das augas europeas

O 40% das augas de ríos, lagos, zonas costeiras e subterráneas da UE non alcanza un nivel de calidade mínimo, segundo un informe da Axencia Europea do Medio Ambiente.

Os niveis máis altos de calidade nas augas superficiais detectáronse en Escandinavia, en Reino Unido e Estonia. Pola contra, a maior parte das concas do centro de Europa, onde hai unha maior densidade de poboación e un uso agrícola máis intenso, é onde se localiza a maioría das augas de menor calidade. Na maioría dos Estados membros o elemento químico que máis inflúe na baixa calidade da auga é o mercurio, seguido do cadmio, presente sobre todo en fertilizantes feitos con fosfatos e na metalurxia.

Fonte: La Voz de Galicia

Desafío a George Clooney desde Forteventura para que recicle as súas cápsulas de *Nespresso*

A asociación *Clean Ocean Project* leva unha petición á Unión Europea tras detectar numerosos restos de cápsulas de café nas praias da Illa, que se enfrontan ao grave problema da contaminación.

Este sistema de preparación dunha cunca de café comportá un residuo de plástico ou aluminio tan pequeno que non se pode reciclar polas canles normais e as cápsulas terminan na natureza ou formando parte das montañas das entulleiras. Cidades como Hamburgo, en Alemaña, prohibiron nos edificios públicos este tipo de cafeteras para frear o incremento de residuos.

Segundo a compañía filial de *Nestlé*, o aluminio para as cápsulas de café extráese dunha forma sustentable e tratan de aumentar a reciclaxe a través da recolección postal. Tamén asegura que pagan aos agricultores salarios razoables e que están asociados con *Rainforest Alliance* e outros grupos ambientais.

Á pregunta de si *Nespresso* "fai reciclaxe de circuíto cerrado", o seu portavoz admite que non, excepto en Suíza, onde as cápsulas da propia Suíza, Francia, Austria, Bélxica e os Países Baixos son fabricadas co aluminio das vellas cápsulas. Pero hai unha necesidade constante de aluminio novo para producir novas cápsulas. Argumenta que non ten sentido enviar cápsulas de todo o mundo a Suíza, e non conta con plantas de reciclaxe adicionais. Na súa web, afirma que planea unha "capacidade de reciclaxe do 100%" para 2020. A pesar das críticas, a empresa parabeniza a *Clean Ocean Project* polos seus obxectivos de gozar dunha cunca de café sen desperdicios.

Fonte: El Diario

O restaurante máis ecolóxico do mundo está en Biscaia

Trátase de Azurmendi, o templo da gastronomía e a sustentabilidade que o chef Eneko Atxa levantou no corazón do País Vasco, considerado o restaurante máis sustentable do mundo.

O edificio está construído con paneis de madeira local certificada e materiais reciclados. Na cuberta cultívanse hortalizas e plantas aromáticas, a auga de choiva recóllese para regar as hortas, abastecer os baños e encher o depósito contra incendios. Os espazos están deseñados e orientados para aproveitar ao máximo a luz natural; os cocos serven de vaso e a madeira como bandexas; hai un invernadoiro, paneis fotovoltaicos, tomas para cargar os coches eléctricos e ata unha complexa instalación geotérmica da que obteñen a maior parte da enerxía que necesitan. Por suposto, todos os residuos recíclanse. Tamén se sumaron a un programa para converter os residuos orgánicos nun compost co que se abonan viñedos e xardíns.

Fonte: El Mundo

Sabías que...

hai alimentos que teñen máis impacto negativo no medio ambiente que outros?

Algúns necesitan centos de litros de auga para producir unha soa unidade. As cereixas son a froita que máis auga necesita, seguidas das mazás.

Boas Prácticas

O Concello de Barcelona se autoabastecerse de enerxía propia

O edificio do Concello de Barcelona comprará a electricidade que consuma desde o 1 de xullo á nova empresa pública *Barcelona Energia*, a comercializadora de propiedade municipal impulsada polo propio Concello. As oficinas municipais, equipamentos culturais, centros deportivos e edificios propiedade do consistorio iranse conectando á nova subministradora ao longo deste mes de xullo. Tamén pasarán a depender dela a iluminación e a sinalización das rúas.

Os técnicos calculan que a medida suporá un aforro de 710.000 euros anuais para o Concello. O seguinte paso no que xa traballa o goberno municipal será ofrecer o servizo tamén á cidadanía.

Fonte: La Vanguardia

Medidas para combater a contaminación

Os científicos alertan sobre a mala calidade do aire das cidades e as consecuencias para a saúde. Pero en Valencia puideron confirmar que hai medidas que funcionan para palialo:

A praza do Tossal converteuse no punto menos contaminado da cidade grazas a que se eliminaron os desprazamentos en coche, só acceden os veciños. O Xardín de Turia, un parque de 10 km. de longo que cruza a cidade, ten 12.000 árbores e a temperatura no seu interior é 1,2 graos inferior á media.

Fonte: El Pais

O peixe viaxa en *tuppers*

A obrigatoriedade de cobrar polas bolsas de plástico non causou o balbordo co que contaban as peixeiras; de feito, os clientes estaban preparados para o cambio.

O número de *tuppers* multiplicouse de súpeto, igual que creceu, de forma sorprendente, a cantidade de persoas que saíran de casa con bolsas para portar as súas compras.

As peixeiras decláranse encantadas da nova normativa. “Miras como está o mar e dache pena; temos que empezar a coidar un pouco máis del, que é do que vivimos”.

Fonte: La Voz de Galicia

Axenda Ambiental

- 06/07/2018 Cume sobre Economía Circular e Innovación. Madrid
- 11/07/2018 – 13/07/2018 14 Fab City. Paris
- Ata 20/07/2018 V Edición dos Premios ó Talento Xove para a Xestión Sostible da Auga
- Ata 26/07/2018 Consulta pública sobre a evaluación do Sétimo Programa de Acción en materia de Medio Ambiente da UE